



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A FUNDACIÓN GALEGA CONTRA O NARCOTRÁFICO PARA ACTIVIDADES E LIÑAS DE TRABALLO DE LOITA CONTRA O TRÁFICO DE DROGAS EN GALICIA

REUNIDOS

Dunha banda, don Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que é nomeado vicepresidente da Xunta de Galicia

Doutra parte, don Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, presidente da Fundación Galega contra o Narcotráfico, en representación da Fundación Galega contra o Narcotráfico, con C.I.F.G-36.242.071.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O artigo 29 da Lei 2/1996, do 8 de maio, sobre drogas, establece que a Administración Autonómica de Galicia poderá subscribir, conforme á normativa vixente, concertos e convenios e conceder subvencións a entidades públicas, entidades benéficas privadas sen ánimo de lucro e entidades privadas que interveñan no ámbito da prevención, asistencia, rehabilitación, reinserción, formación ou investigación en materia de drogodependencias.

Entre as liñas xerais de actuación da Administración Autonómica recollidas na Lei 2/1996, desenvolveranse todas aquelas actuacións de prevención tendentes a eliminar ou, no seu defecto, reducir a promoción e consumo de drogas.

SEGUNDO.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza quere colaborar na promoción de todas aquelas accións que, na loita contra as drogodependencias, teñan un carácter preventivo e/ou disuasorio, no marco das súas competencias en materia de políticas preventivas e planos de previsión sobre política de seguridade autonómica, desenvolvendo actividades con institucións encamiñadas a potenciar os efectos preventivos deste problema que afecta á sociedade en xeral e á xuventude en particular.

TERCEIRO.- A Fundación Galega contra o Narcotráfico naceu en Vilagarcía de Arousa no ano 2002, continuando na liña de traballo que viña realizando a “Plataforma Galega contra o Narcotráfico”, asociación sen ánimo de lucro, rexistrada co número 141.003 no Rexistro Nacional de Asociacións.



Xacobeo 2021





galicia

XUNTA DE GALICIA

Por acta notarial de data 24 de xaneiro de 2002 disólvese a Plataforma e constitúese a Fundación aprobándose os seus estatutos. Constitúese por escritura notarial outorgada en Vilagarcía de Arousa o 24 de xaneiro de 2002, por Orde do 23 de maio de 2002 (DOG núm. 105, de 3 de xuño de 2002) é clasificada como benéfico - social, e

por Orde do 25 de xuño de 2002 (DOG núm. 133, de 11 de xullo) é declarada de interese galego, figurando inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2002/5, o que a configura como unha institución con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar. A Fundación ten por obxecto loitar contra o narcotráfico ilícito de drogas e as súas consecuencias a través dun teléfono antidroga de denuncia, prevención e axuda ao drogodependente, colaboración permanente coas forzas e corpos e seguridade do Estado, celebración de xornadas e foros de debate, propostas lexislativas, e outras actividades como campañas de información e sensibilización, accións de coordinación e melloras operativas que axuden á loita contra o narcotráfico dende os eidos xudicial e policial e estudo e proposta de melloras operativas que sirvan como novas ferramentas de traballo ao servizo da Administración de Xustiza.

CUARTO.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Galega contra o Narcotráfico queren facer posible a continuidade de actividades e liñas de traballo encamiñadas a denunciar e erradicar esa lacra social que é o narcotráfico.

QUINTO.- Conforme co establecido no artigo 26.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que Fundación Galega contra o Narcotráfico é a única fundación que realiza na súa zona de influencia actividades preventivas de loita contra o narcotráfico como as enumeradas no expoñendo terceiro o que supón por parte da Fundación Galega contra o Narcotráfico a asunción dunha serie de obrigas económicas e asistenciais.

SEXTO.- A entidade cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto


O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Galega contra o Narcotráfico, en actividades e liñas de traballo para loitar contra o tráfico de drogas en Galicia. Entre estas actividades destacan as seguintes:

- Organización de realización en Galicia de foros profesionais, xornadas e encontros de carácter técnico relacionados coa loita contra o narcotráfico e o branqueo de diñeiro procedente das drogas, en colaboración con profesionais do ámbito xudicial e policial.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

- Desenvolver programas, campañas e accións de información e sensibilización da sociedade fronte ao narcotráfico, xunto a prevención de drogodependencias en diversas áreas de Galicia. A través de actos públicos, sociais e de lecer dirixidos á sociedade galega con especial referencia ás zonas que presentan maiores índices de risco e incidencia do consumo e tráfico de drogas.
- Organización e realización da campaña de sensibilización social e torneos deportivos “Panos Brancos contra a droga”.
- Axuda e asesoramento a drogodependentes e familias, atendendo solicitudes de forma persoal, telefónica e telemática; así como recollida de denuncias anónimas sobre narcotráfico.
- Organización e celebración da Gala e Premios Anuais da Fundación.
- Elaborar, promover e impulsar iniciativas de diverso orde que permitan mellorar a eficacia da loita contra o tráfico de drogas en Galicia, propoñendo, entre outras, novas accións de coordinación, instrumentos legais e melloras operativas que axuden á loita contra o narcotráfico dende os eidos xudicial e policial.
- Colaboración permanente coas forzas de seguridade e profesionais do ámbito xudicial para o estudo e proposta de melloras operativas e de diverso orde que sirvan como novas ferramentas e servizos dirixidos á Administración de Xustiza e Forzas e corpos de seguridade do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDA.- Obrigas da Fundación

A Fundación Galega contra o Narcotráfico comprométese a:

1. Colaborar coa Administración na elaboración de estatísticas e informes que axuden no desenvolvemento das actuacións de carácter preventivo, achegando cando lle sexa solicitada, información sobre a xestión e seguimento dos servizos prestados.
2. Fomentar a información e divulgación dos efectos negativos das drogas, mediante a realización de seminarios e xornadas.
3. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigas recollidas neste convenio, e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas no mesmo, así como ás demais obrigas esixidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño
5. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas.



Xacobeo 2021





TERCEIRA.- Obrigas da Consellería.

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, colaborará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade de DEZASETE MIL EUROS (17.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria: 05.22.131A.481.0 (C P 2015 00115) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

CUARTA.- Libramento de fondos

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza realizarase nos termos requiridos no artigo 51 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, incorporando, por unha banda, unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actuacións realizadas e os resultados obtidos e, por outro lado, unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento; un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con

indicación do importe e a súa procedencia; se é o caso, carta de pagamento do reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os xuros derivados destes.

O representante da Fundación acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.





XUNTA DE GALICIA

galicia

Ao amparo deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido a Fundación, como consecuencia da realización de actuacións acordas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de novembro de 2020.

QUINTA.- Pagos parciais.

A achega económica da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá instrumentarse mediante pagamentos parciais, a solicitude da Fundación, ata un máximo do 80% da contía total da achega, de acordo co disposto no artigo 62 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro e 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dentro do límite da respectiva anualidade orzamentaria e atendendo ó ritmo de execución da acción subvencionada.

Para a realización de pagamentos parciais a Fundación, deberá xustificar que se realizaron actuacións relacionadas co obxecto do convenio, así como o seu pagamento. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ó resultado da liquidación definitiva.

De acordo co establecido nos artigos 11.d) da Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, antes de efectuar o primeiro pago parcial da achega económica da Administración Autonómica, a Fundación, deberá presentar unha declaración do conxunto de todas as axudas concedidas para este mesmo fin, perante as Administracións Públicas ou outros entes públicos. Con carácter previo á tramitación do derradeiro pagamento a entidade deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actuación das distintas Administracións Públicas ou das entidade vinculadas ou dependentes das mesmas.

SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos

ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais

SÉTIMA.- Publicidade.

En toda a difusión ou publicidade que xere a realización das actividades recollidas no presente convenio, se fará referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación, incluíndose a imaxe corporativa de ambas institucións.

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Xacobeo 2021





As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

OITAVA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e un representante da Fundación. A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, no seu caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Acordo previo para a realización das actuacións recollidas na cláusula oitava
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio

NOVENA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMA.- Vixencia do Convenio

A vixencia do presente convenio estenderase dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 30 de decembro de 2020.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á





galicia

XUNTA DE GALICIA

xurisdición contencioso administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexeráse polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase electrónicamente na data que figura á marxe.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

O presidente da Fundación Galega contra o
Narcotráfico

Alfonso Rueda Valenzuela

Manuel Antonio Couceiro Cachaldora



Xacobeo 2021

